

## **Resolución do 31 de xaneiro de 2014, polo que se aproba o Plan de inspección de servizos sociais de Galicia para o ano 2014.**

O título VIII da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia recolle os mecanismos de control e garantía pública do sistema galego de servizos sociais. O capítulo I está dedicado ao réxime de rexistro, autorización administrativa e acreditación de entidades, centros, servizos ou programas, e o capítulo II, á regulación da función inspectora.

No artigo 59, a lei atribúe á Administración Autonómica a competencia para levar a cabo o rexistro, autorización, acreditación, inspección e, se é o caso, a sanción das entidades que desenvolvan servizos sociais no territorio da comunidade autónoma, xa sexa como titulares ou como xestoras.

Pola súa banda, o Decreto 254/2011 de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización e acreditación e a inspección dos Servizos Sociais en Galicia, establece no seu artigo 40 que están suxeitos á inspección polo órgano competente en materia de autorización e inspección de servizos sociais da consellería da Xunta de Galicia, todas ás entidades que desenvolvan servizos sociais no ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia.

A función inspectora desenvolverase de oficio ou a instancia doutros órganos, organismos da Xunta de Galicia, doutras administracións públicas ou ben con motivo das queixas ou informacións obtidas directamente das persoas usuarias e da cidadanía en xeral, sempre que estean debidamente fundadas.

A actividade inspectora organízase de conformidade coas directrices e coas prioridades acordadas no plan anual de inspección aprobado polo/a titular da consellería competente en materia de servizos sociais. O plan de inspección fixará os obxectivos anuais da unidade en relación cos servizos existentes no momento no que se elabore, e recollerá o datos referidos ao ano anterior avaliando o grao de cumprimento da planificación realizada.

Polo tanto, o plan de inspección constitúe o marco de actuación da inspección de servizos sociais para o ano 2014, establecendo obxectivos xerais e específicos de cada unha das áreas estratéxicas de actuación e integrando as actuacións que vai realizar a Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais para o cumprimento dos obxectivos de mellora da calidade dos servizos sociais e a garantía dos dereitos das persoas usuarias.

Non obstante, esta planificación debe conciliarse con outras actuacións urxentes acordadas pola consellería, ou que deriven de necesidades sobrevidas derivadas de circunstancias excepcionais ou da tramitación das queixas que presenten as persoas usuarias dos servizos.

O plan de inspección para o ano 2014 segue unha liña coherente coas actuacións priorizadas nos últimos anos, en relación coa garantía dos dereitos das persoas usuarias e procurando o incremento da calidade nos servizos desenvolto polas entidades prestadoras.

Neste senso, este ano garantirase a inspección do 70% dos servizos de carácter residencial das áreas de de maiores, de discapacidade e dependencia e o 100% dos centros de menores. Do mesmo xeito incidirase no seguimento das actividades doutros centros e programas como os puntos de encontro familiar e as entidades colaboradoras no programa de adopción internacional.

Asemade, proseguirase coa a fiscalización dos contratos e convenios realizados pola Consellería de Traballo e Benestar con entidades privadas e reforzarase, a supervisión do destino das axudas e subvencións concedidas ás persoas en situación de dependencia e en risco de exclusión social.

Neste senso, este ano revisaranse 800 expedientes da Renda de Integración Social de Galicia (en adiante RISGA) e 100 expedientes de programas nesta área (axudas de emerxencia social, en adiante AES, proxectos de inserción, etc...). Asi mesmo, incidirase no seguimento do 065 con ocasión da reestruturación do servizo de transporte adaptado.

O presente plan elaborouse logo de consultar aos centros directivos e unidades administrativas da área de Benestar da Consellería de Traballo e Benestar e tendo en conta o resultado da avaliación de actividades do ano 2013, que se inclúe como anexo II á presente resolución.

Por todo o anteriormente exposto, e de conformidade co establecido no artigo 42 do Decreto 254/2011 de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización e acreditación e a inspección dos Servizos Sociais en Galicia,

## **RESOLVO**

1. Aprobar a o Plan de inspección de Servizos Sociais para o ano 2014, que figura como anexo I a esta resolución.
2. Aprobar a avaliación do cumprimento da planificación realizada no ano 2013 que figura como anexo II a esta resolución
3. Publicar o plan de inspección na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar aos efectos do seu coñecemento público.

Santiago de Compostela 31 de xaneiro de 2014

A conselleira de Traballo e Benestar

Beatriz Mato Otero

# **PLAN DE INSPECCIÓN DE SERVICIOS SOCIAIS**

## **2014**

*Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais*

## **PLAN DE INSPECCIÓN DE SERVICIOS SOCIAIS 2014**

### **1. Normativa reguladora**

- Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia. (DOG nº 245, do 18 de decembro).
- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. (DOG nº 134, do 13 de xullo).
- Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia (DOG nº 249, do 31 de decembro).
- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia (DOG nº 14, do 20 de xaneiro de 2012).
- Demais normativa existente reguladora dos servizos sociais e aquela normativa xeral que resulte de aplicación

### **2. Funcións da inspección de servizos sociais**

1. A inspección de servizos sociais ten por función verificar o cumprimento da normativa aplicable os servizos sociais, de xeito que se garantan os dereitos das persoas usuarias e se procure a mellora continua da calidade nos servizos sociais que se prestan á cidadanía no territorio galego.
2. A actuación da inspección baséase nos principios de eficacia, responsabilidade, accesibilidade e servizo á cidadanía e cooperación interadministrativa.
3. De conformidade co artigo 73 Lei 13/2008 de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia son funcións da inspección de servizos sociais:
  - a) Verificar o cumprimento dos requisitos e condicións esixibles para a obtención das preceptivas autorizacións administrativas e para a acreditación das entidades, dos centros e dos programas sociais.
  - b) Velar polo respecto dos dereitos das persoas usuarias dos servizos sociais.
  - c) Controlar o cumprimento da normativa vixente e o nivel de calidade dos servizos sociais que se presten no territorio de Galicia, e formular propostas de mellora na súa calidade.
  - d) Asesorar, no exerzo das actuacións de inspección, ás entidades prestadoras, titulares ou xestoras de servizos sociais e ás persoas usuarias ou aos seus representantes legais, sobre os seus dereitos e deberes e sobre a forma de cumprir as disposicións vixentes na materia.
  - e) Emitir informes sobre o destino e a adecuada utilización das subvencións e axudas públicas percibidas por persoas físicas ou xurídicas en materia de servizos sociais, así como de calquera outra axuda económica articulada a través de convenios, contratos ou outras figuras establecidas na normativa vixente.
  - f) Recibir, investigar e contestar queixas e reclamacións.

g) Emitir informes de inspección e propoñer a iniciación de expedientes sancionadores, de adopción de medidas cautelares, de clausura de centros, de suspensión das actividades e de revogación e suspensión das autorizacións e acreditacións concedidas.

h) Todas aquelas funcións que lle sexan atribuídas pola normativa vixente na materia.

### **3. Ámbito**

Están suxeitos á inspección de servizos sociais todas as entidades que desenvolvan servizos sociais no ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia.

### **4. Obxectivos**

- Velar polo respecto aos dereitos das persoas usuarias dos servizos sociais, en especial daquelas persoas que reciben servizos de atención residencial.
- Impulsar a implantación de medidas de mellora da calidade nos servizos sociais públicos e privados
- Velar polo axeitado emprego das axudas e subvencións concedidas, e polo cumprimento das cláusulas contractuais e dos convenios asinados pola Consellería nesta área
- Propoñer medidas para incrementar a eficiencia da oferta de servizos sociais existentes e a súa adaptación ás necesidades do momento.

### **5. Liñas estratéxicas de actuación para o ano 2014**

**5.1 Liña 1: Información e asesoramento en materia de rexistro e autorización de servizos.** A continua evolución dos servizos sociais e o dinamismo das entidades que os desenvolven, require o reforzamento continuado da información que subministra a administración, tanto no que se refire aos requirimentos para a autorización e o funcionamento dos servizos, como no referido aos recursos de servizos sociais existentes no ámbito da Comunidade Autónoma. Neste senso, durante o ano 2014 consideraranse os seguintes obxectivos:

- Reforzamento das labores de asesoramento para o rexistro de servizos de prevención das situacións de dependencia e de promoción da autonomía persoal recollidos na carteira de servizos deste área.
- Reforzamento das labores de asesoramento na autorización de novos servizos e de reclasificación dos servizos existentes en función da nova disposicións legais.
- Coordinación do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (en adiante RUEPSS) co rexistro sanitario co fin de facilitar a verificación daquelas entidades que teñen concedidas autorizacións sanitarias para a prestación de servizos no marco da atención ás persoas en situación de dependencia
- Realización de visitas de inspección para a concesión do inicio de actividades ou para autorizar as modificacións substanciais nun prazo de 5 días dende a súa solicitude (**estimación: 93**).

- Incorporación ao RUEPSS da información sobre o financiamento que recibiron durante o ano 2013 ás entidades inscritas, co fin de dispoñer dunha visión integral das axudas concedidas por cada centro directivo da Consellería (área Benestar) a cada unha delas

**5.2 Liña 2: Inspección e garantía dos dereitos.** A maior complexidade das necesidades sociais e dos servizos a prestar requiren un mellor control das actividades e dos fondos públicos destinados á súa prestación, así como unha supervisión máis intensa na protección dos dereitos das persoas destinatarias dos servizos. Neste senso durante o ano 2014 se fixan como obxectivos

- Envío de controis de legalidade á totalidade de centros e programas autorizados, agás os centros de xestión propia e aqueles que dependen do Consorcio de Igualdade e Benestar.
- Inspección do **100%** dos centros de titularidade da Xunta de Galicia de xestión propia nas áreas de menores e infancia. Dos centros sociocomunitarios inspeccionaranse aló menos 5 dos 44 existentes
- Inspección do **75%** dos centros de residenciais de maiores, discapacidade e o **70%** dos centros de inclusión e igualdade
- Inspección do **100%** dos centros de menores
- Inspección do **100%** dos centros de día de alzheimer
- Inspección de **800** expedientes de RISGA
- Realizar un informe anual sobre o funcionamento dos centros dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar inspeccionados durante o ano
- Tramitación da totalidade de denuncias e queixas recibidas (**estimación: 108**), dando resposta ás persoas interesadas no 100% dos casos.
- Realizar unha especial incidencia na garantía dos dereitos das persoas en centros residenciais para persoas en situación de dependencia, en especial no que se refire a:
  - A detección e intervención en caso de malos tratos
  - A protección das persoas coas capacidade modificada
  - A comunicación de ingresos involuntarios
  - A racionalización do uso de suxeicións físicas e para a súa correcta aplicación e retirada.
- Reforzamento sobre o control das condicións ofertadas polas entidades adxudicatarias dos centros e servizos públicos
- Reforzar o asesoramento e inspección dos servizos comunitarios no que refire á aplicación das disposicións do Decreto 99/2012 do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG nº 63, do 30 de marzo de 2012) e do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de

participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo (DOG nº 182, do 24 de setembro).

**5.3 Liña 3: Calidade e acreditación.** Unha das funcións da inspeccións e verificar o nivel de calidade dos servizos sociais e realizar accións e recomendación para a súa mellora continua. Neste senso durante o ano 2014 acometeráanse as seguintes actuacións:

- Análise do grao de implantación dos protocolos mínimos de funcionamento nos centros e servizos de conformidade co que se establece nos protocolos de inspección aprobados en cada área
- Colaboración con outras unidades administrativas na valoración dos criterios de adxudicación das ofertas realizados nos contratos que se liciten e nos que así se solicite, mediante a constitución dun comité de expertos.

**5.4 Liña 4: Formación e capacitación.** Esta liña de actuación centrarase nesta anualidade na necesidade de emponderar ao persoal de nova incorporación e a reciclaxe do persoal que xa desempeña as funcións de inspección.

- A estes efectos, no primeiro semestre do ano realizaránse xornadas mensuais de carácter monográfico sobre as diferentes áreas nas que se desenvolve a inspección, que se impartirán coa colaboración do persoal das unidades administrativas competentes en cada unha das materias.
- No segundo semestre do ano realizarase a cuarta edición do "Curso de capacitación para o desempeño da función de inspección de servizos sociais". Este curso terá unha duración de 120 horas e impartirase na modalidade mixta, de formación presencial e teleformación, destinándose a 40 alumnos no marco do programa de formación da Consellería para o ano 2014, en colaboración coa EGAP.

**5.5 Liña 5: Mellora e renovación da normativa en materia de servizos sociais.** A evolución dos servizos sociais así como a creación do sistema de atención á dependencia requiren a regulación de novos instrumentos que garantan o desenvolvemento da lei estatal e da propia lei autonómica de servizos sociais . Nesta liña de actuación durante o ano 2014, fíxase como obxectivo:

- Impulsar a aprobación do proxecto de orde pola que se determinan os requisitos específicos de autorización dos servizos sociais de persoas maiores, con discapacidade e/ou dependencia, se desenvolve a carteira de servizos sociais de promoción da autonomía persoal e de atención a persoas en situación de dependencia en Galicia e se establecen os requisitos e criterios en materia de acreditación destes servizos.
- Colaboración no desenvolvemento do Catálogo de Servizos Sociais e as respectivas carteiras de servizos nas áreas de infancia, menores, inclusión e persoas maiores.

## 6. Metodoloxía

1. **Ás funcións de información e asesoramento ás entidades** instruméntanse mediante:

- a) A elaboración de recomendacións e a resolución de consultas das entidades prestadoras de servizos sociais (e persoas físicas) que desexan pór en funcionamento novos servizos, en relación co deseño, a autorización de centros, programas e servizos e sobre a mellora da calidade dos servizos sociais en relación con aqueles que xa están en funcionamento.
  
- b) A aplicación de sistemas de avaliación cualitativa cuxos resultados orienten ás directrices a adoptar na prestación da atención ás persoas usuarias e ás súas familias.

2. **A función de garantía dos dereitos das persoas usuarias** comprende ás actividades de información e asesoramento ás persoas usuarias dos servizos sociais de cara a garantir o respecto dos seus dereitos. Así mesmo, ás persoas usuarias poderán remitir directamente queixas e reclamacións á unidade de inspección de servizos sociais co fin de que as avalíe e, cando proceda, realice as actuacións oportunas. Do resultado das actuacións realizadas darase conta á persoa interesado no prazo máis breve posible.

3. **A función do control da legalidade** vixente instrumentarase a través de:

- a) A realización de controis da documentación referida aos servizos sociais en funcionamento, en aspectos relacionados ao mantemento das instalacións, pólizas de seguros, carteira de servizos e recursos humanos empregados. Na medida que sexa posible, facilitarase o cumprimento desta obriga mediante medios informáticos o telemáticos.
  
- b) Realización de visitas de inspección aos servizos sociais para a comprobación do cumprimento dos requisitos legalmente esixidos pola normativa específica en materia de servizos sociais, con carácter previo ao inicio das actividades e posteriormente, durante o seu funcionamento.
  
- c) Realización de informes de inspección e requirimentos dirixidos ás entidades para a emenda de deficiencias detectadas e/o recomendacións en torno á mellora dos servizos.
  
- d) Proposta da adopción de medidas preventivas e/o provisionais, de clausura de centros e de suspensión de actividades e de inicio de expedientes sancionadores.

4. **A función de emisión de informes sobre o financiamento público** instruméntase a través de:

- a) A emisión de informes sobre a contratación de servizos, á concesión de subvencións ou doutras fórmulas de financiamento público, así como a xestión e o funcionamento dos servizos sociais contratados e o cumprimento das condicións ofertadas.



b) A realización de visitas e informes para a verificación das condicións de desenvolvemento dos servizos, o de emprego das axudas e de avaliación dos resultados acadados con elas.

5. Así mesmo, a unidade de inspección de servizos sociais poderá colaborar con outros órganos o organismos da Xunta de Galicia ou doutras administracións públicas no exercizo das competencias que ten atribuídas.

6. As visitas de inspección realizaranse segundo os seguintes criterios:

O persoal inspector poderá acceder libremente, sen previa notificación, e en calquera momento, a todos os centros de servizos sociais, á sede das entidades prestadoras o ás instalacións de referencia dos servizos o programas. Non obstante, notificarase previamente a actuación no caso das visitas previas aos permiso de apertura de centros e nas inspeccións que se realicen aos servizos comunitarios dos Concellos.

Durante a visita de inspección, o persoal inspector está facultado para acceder a todas ás dependencias, para efectuar toda clase de comprobacións materiais, documentais, rexistras e contables, para entrevistarse con carácter privado cos/ás profesionais e ás familias/persoas usuarias ou aos seus representantes legais, e para realizar cantas outras actuacións conduzan a un mellor coñecemento dos feitos.

## **7. Liñas específicas de actuación para o ano 2014**

### **7.1. Infancia, familia e menores**

#### **REGULARIZACIÓN DE CENTROS**

Durante o ano 2013 continuouse coa regularización dos centros que pese a estar en funcionamento non contaban con autorización definitiva de inicio de actividades. Así, a Escola Infantil Campus de Ourense obtivo o permiso definitivo. Por outra banda a Escola Infantil Los Cerezos (Pontevedra), centro que estaba en funcionamento sen autorización, foi obxecto de clausura no mes de decembro de 2013 concedéndoselle un prazo ata o día 30 de xuño de 2014 para acreditar ante a unidade de inspección a efectividade da clausura e do cesamento das actividades do centro.

Durante o ano 2014 continuarase co proceso de regularización dos centros de infancia, menores e familia que están en funcionamento sen contar co preceptivo permiso.

#### **CADRO RESUME CENTROS EN FUNCIONAMENTO SEN AUTORIZACIÓN (centros antigos en tramite de regularización)**

	<b>Núm. centros</b>
Centros de infancia	5

Centros de menores	1
PEF	3
<b>Total</b>	<b>10</b>

**Os 5 centros pendentes de regularización na área de infancia son os seguintes:**

- *Escola Infantil Breogán (Santiago de Compostela)*
- *Punto de Atención á Infancia O Barqueiro (Mañón)*
- *Ludoteca Municipal de Coia (Vigo)*
- *Ludoteca Municipal Casa da Xuventude (Vigo)*
- *Ludoteca Municipal de Moaña*

**Os 2 centros pendentes de regularización na área de menores son os seguintes:**

- *Centro de Atención de Día de Ferrol*

**Os 3 centros pendentes de regularización na área de familia son os seguintes:**

- Punto de Encontro Familiar de Pontevedra
- Punto de Encontro Familiar de Ferrol
- Punto de Encontro Familiar de Ourense

**Na área de menores** establécense os seguintes obxectivos:

- Inspección do **100%** dos centros de menores (**89 centros**)
- Nas visitas de inspección realizadas aos centros de menores titularidade da Xunta de Galicia (12) que estean xestionados por outras entidades, e aos centros titularidade de outras entidades con prazas contratadas pola Consellería de Traballo e Benestar, verificarase o cumprimento do contrato administrativo asinado. Do resultado destas visitas, así como das visitas realizadas a centros de menores titularidade da Xunta de Galicia de xestión propia, darase conta á Dirección Xeral de Familia e Inclusión.
- Incidirase especialmente na atención prestadas aos/ás menores, velando pola garantía dos seus dereitos.
- Impulsarase, na medida do posible, a adopción de medidas que poidan mellorar a coordinación entre os Equipos Técnicos do Menor das Xefaturas Territoriais e os centros en funcionamento.
- Outras previsións:
  - Visitas para a autorización de novos centros ou modificacións dos existentes (**estimación: 10**)
  - Visitas derivadas da tramitación de denuncias e reclamacións (**estimación: 8**)
  - Visitas para a realización de informes de asesoramento previo (**estimación: 4**).

## MENORES

Provincia	Núm. de centros		Visitados no 2013	Previstos 2014
	2013	2014		
A Coruña	20	22	16	22
Lugo	16	16	12	16
Ourense	16	16	15	16
Pontevedra	34	35	25	35
<b>Total</b>	<b>86</b>	<b>89</b>	<b>68</b>	<b>89</b>

Na área de infancia establécense os seguintes obxectivos:

- Inspección do **70%** dos centros de atención á infancia (**404 centros**). En todo caso inspeccionaranse a totalidade dos centros de atención á infancia titularidade da Xunta de Galicia (**27 centros**).
- Nas visitas de inspección realizadas aos centros de atención á infancia titularidade da Xunta de Galicia que estean xestionados por outras entidades, verificarase o cumprimento do contrato administrativo asinado. Do resultado destas visitas, así como das visitas realizadas a centros de atención á infancia titularidade da Xunta de Galicia de xestión propia, darase conta á Dirección Xeral de Familia e Inclusión.
- Incidirase especialmente na implementación efectiva do currículo educativo das escolas infantís, fortalecendo aspectos relacionados coa proposta pedagóxica e coa garantía dos dereitos das persoas usuarias, así como no cumprimento das rateos de persoal esixidas pola normativa aplicable a cada tipo de centro.
- Emisión da totalidade dos informes que se requiran para a concesión de financiamento público a centros de atención á infancia, tanto titularidade de entidades locais como de entidades de iniciativa social.
- Outras previsións:
  - Visitas previas as concesións de autorizacións de centros e servizos (**estimación: 40**)
  - Visitas para a tramitación de denuncias e reclamacións (**estimación: 40**)
  - Realización de informes de asesoramento previo (**estimación: 2**).

**INFANCIA: Escolas infantís, puntos de atención á infancia, espazos infantís e ludotecas.**

Provincia	Núm. de centros existente		Visitados no 2013	Previstos no 2014
	2013	2014		
<b>A Coruña</b>	244	244	198	170
<b>Lugo</b>	63	66	38	45
<b>Ourense</b>	72	76	48	53
<b>Pontevedra</b>	190	193	117	136
<b>Total</b>	569	577	401	404

Na área de familia establécense os seguintes obxectivos:

- Inspección do **50%** das Entidades Colaboradoras de Adopción Internacional actualmente habilitadas **(4)**. Nas visitas de inspección realizadas ás **ECAIS** comprobarase implantación do novo modelo de contrato aprobado, asegurando a aplicación das tarifas establecidas no mesmo.
- Inspección a todos os **Puntos de Encontro Familiar (PEF) (7 centros)**. Regularización dos PEF que están pendentes da concesión da autorización definitiva de inicio de actividades.  
Nas visitas de inspección realizadas aos PEF titularidade da Xunta de Galicia que estean xestionados por outras entidades, verificarase o cumprimento do contrato administrativo asinado.  
Do resultado destas visitas, así como das visitas realizadas ás ECAIS, darase conta á Dirección Xeral de Familia e Inclusión.
- Elaboración dos protocolos xerais de inspección para as ECAIS e para os PEF.
- Avaliación de convenios de colaboración asinados entre a Consellería de Traballo e Benestar e entidades privadas para o desenvolvemento de programas no eido do apoio á familia, en especial o programa de acollemento familiar e estancias temporais **(previsión de realización de 8 visitas)**.

**ECAIS**

Provincia	Núm. de entidades existente		Visitadas no 2013	Previstas 2014
	2013	2014		
<b>A Coruña</b>	3	5	3	1
<b>Pontevedra</b>	5	4	0	3
<b>Total</b>	8	8	3	4

## PUNTOS DE ENCONTRO FAMILIAR

Provincia	Núm de centros existente		Visitados no 2013	Previstos no 2014
	2013	2014		
A Coruña	3	3	2	3
Lugo	1	1	0	1
Ourense	1	1	1	1
Pontevedra	2	2	2	2
<b>Total</b>	<b>7</b>	<b>7*</b>	<b>5</b>	<b>7</b>

\* 2 pendentas de regularización e da obtención do permiso de inicio de actividade

## 7.2 Area de comunidade e inclusión social.

### PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR

- No ano 2014 realizaranse visitas a **100 empresas de axuda no fogar**, priorizando as visitas de inspección as empresas que xestionen programas de titularidade local e as que presten servizo a usuarios de libranza vinculada ao servizo de axuda no fogar.
- Estímase a realización de **100 visitas domiciliarias** co obxecto de comprobar a efectiva adquisición dos servizos e as súas intensidades, así como a adecuación dos servizos establecidos nos plans individuais de atención e os seguimentos das persoas usuarias. (priorizaranse os domicilios que teñan concedida unha libranza vinculada a adquisición do servizo e aqueles de usuarios do sistema da dependencia que perciben os servizos a través de empresas xestoras dos programas de axuda no fogar dos Concellos)

### SAF PRIVADO

Núm. entidades existente		Entidades visitadas 2013	Previsión 2014
2013	2014		
195	208	101	100

## SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS

- No ano 2014 continuarase co obxectivo de asesorar aos concellos na adaptación das súas ordenanzas ao establecido no Decreto 149/2013 de 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, que na Disposición derradeira primeira, modifica o Decreto 99/2012 e concede un prazo de seis meses aos Concellos para adaptar novamente as súas ordenanzas reguladoras do programa de axuda no fogar ao disposto nesta norma.

O asesoramento realizado ten como obxectivo garantir unha a regulación conforme á legalidade vixente do programa de axuda no fogar en toda a Comunidade Autónoma tratando así de evitar, regulacións ou interpretacións normativas dispares que produzan un tratamento diferenciado das persoas usuarias con dependencia, que reciben o servizo a través dos respectivos concellos.

- Asesorarase no rexistro e comunicación das diminucións horarias que xorden na prestación do servizo de axuda no fogar e que minoran no mes de referencia as horas efectivamente prestadas que constan no PAR-SIGAD, co obxecto de que as horas financiadas pola Secretaría Xeral de Política Social sexan as efectivamente prestadas nos domicilios das persoas usuarias.
- Estímase a realización de **100 visitas a Concellos**, co obxecto de controlar a calidade dos programas comunitarios que están a desenvolver.
- Velar pola garantía dos dereitos dos usuarios en relación cos citados programas
- Verificación e adecuación do destino das subvencións que reciben para os distintos programas, así como, para prestar o servizo de axuda no fogar aos usuarios do sistema de atención á dependencia.
- Estímase a realización de **25 visitas domiciliarias** naqueles concellos que presten o servizo directamente.
- Finalizar a regularización do procedemento de autorización dos programas de axuda no fogar do Concello de Oleiros e da Mancomunidade do Ribeiro.

## SERVIZOS COMUNITARIOS

	<b>Concellos visitados no 2013</b>	<b>Previstos no 2014</b>
<b>Concellos</b>	<b>104</b>	<b>100</b>

## SUBVENCIONS, CONVENIOS E PRESTACIONS.

No presente ano:

- Realizaranse **40 visitas de seguimento** de itinerarios de inclusión social e verificación do destino das subvencións e cumprimento dos contratos/convenios, segundo os criterios acordados coas distintas unidades administrativas.
- Realízase un **plan especial de seguimento de expedientes da Renda de Inclusión Social (RISGA) e das Axudas de Inclusión Social (AIS)**, suxeito aos datos remitidos polas distintas Xefaturas Territoriais. O obxectivo e constatar na medida do posible, a concorrencia dos requisitos que deron lugar a citada prestación. No caso das AIS, constatarase que a axuda se destinou a finalidade para a que foi concedida (**estimación:800**)
- Realizaranse **12 visitas de inspección** do programa de apoio a mobilidade persoal (065), no que se comprobará o grao de cumprimento da normativa de aplicación das empresas adxudicatarias do servizo.

	Inspeccións realizadas 2013	Previstas no 2014
Programa apoio á mobilidade persoal (065)	0	12
Subvencións, contratos e convenios (inclúense 7 empresas de inserción laboral)	18	40
Expedientes RISGA e AES	81	800

## CENTROS DE IGUALDADE E CENTROS DE INCLUSIÓN:

- Durante o ano 2014 realizaranse visitas de control de calidade ao **60%** dos centros de inclusión actualmente autorizados (**38**) incidindo na comprobación de que o ingreso no centro e voluntario, na necesidade de facer unha valoración inicial ao ingreso no centro e na adopción de medidas de protección da súa persoa e bens. Nestes centros, no caso de que se trate con usuarios que estean a percibir a prestación da RISGA verificarase a existencia do proxecto de inclusión social.

	Nº de centros existentes		Visitados no 2013	Previstos no 2014
	2013	2014		
Centros Inclusión	55	59	48	38

Centros Igualdade	12	12	6	11
Centros Sociocomunitarios	44*	44	10	5

\*Titularidade da Xunta de Galicia

## CENTROS DE INCLUSIÓN PENDENTES DE REGULARIZACIÓN

Núm.centros existentes	Regularizados 2013	Previstos regularizar no 2014
1*	1	1

\*Albergue de transeúntes do Concello de Lugo.

Outras previsións:

- Emitir o **100%** dos informes solicitados polos departamentos da Consellería, en relación coas subvención solicitadas polas entidades titulares dos centros de inclusión incluídos no plan.
- Visitas de autorización de centros/programas (**estimación: 3**)
- Xestión de queixas/denuncias que requiran visita de inspección (**estimación:10**)
- Realización de 2ª visitas de comprobación para o seguimento da prestación de RISGAS ou no caso de centros ou programas que precisen maior seguimento (**estimación: 20**).

### 7.3 Area de maiores, discapacidade e dependencia

#### REGULARIZACIÓN DE CENTROS

Durante o ano 2013, continuouse coa regularización dos centros que pese a estar en funcionamento non contaban coa correspondente autorización definitiva. Así, 2 centros obtiveron permiso definitivo e 2 permiso de inicio de actividades provisional na área de discapacidade.

Durante o ano 2014 proseguirase co proceso de regularización dos centros de atención a persoas maiores e de atención a persoas con discapacidade que están en funcionamento (**estimación 2**)

#### CADRO RESUME CENTROS EN FUNCIONAMENTO SEN AUTORIZACIÓN OU CON PIA PROVISIONAL \*(centros antigos en tramite de regularización)

	Núm. centros con permiso provisional	Núm. centros sen autorización
Centros de maiores	0	7
Centros de discapacidade	4	5
<b>Total</b>	<b>4</b>	<b>12</b>

Os 7 centros pendentes de regularización na área de maiores son os seguintes:



- Residencia de maiores Padre Rubinos (A Coruña)
- Residencia de maiores Blanco Monroy (Noia)
- Residencia de maiores San Rafael (Mondoñedo)
- Residencia de maiores Nosa Señora dos Anxos (Ribadavia)
- Residencia de maiores San Sebastián e San Lázaro (Ribadeo)
- Vivenda Comunitaria de Maiores Ribadeo (Ribadeo)
- Vivenda Comunitaria Noso Fogar da Limia II (Xinzo de Limia)

**Os 9 centros pendentes de regularización na área de discapacidade son os seguintes:**

- Residencia de discapacitados gravemente afectados Juan Vidán (Santiago de Compostela)
- Centro Ocupacional Prodeme (Monforte)
- Vivenda Tutelada Méndez Núñez (Pontevedra)
- Residencia de discapacitados adultos San Francisco Rúa Cangas (Vigo)
- Centro de ocupacional afectados San Francisco Rúa Cangas (Vigo)
- Residencia de discapacitados gravemente afectados San Francisco Avda. Europa (Vigo). Con PIA Provisional
- Centro de día de discapacitados gravemente afectados San Francisco Avda. Europa (Vigo). Con PIA Provisional
- Residencia de discapacitados gravemente afectados San Francisco Tomás Paredes (Vigo). Con PIA Provisional
- Centro de día de discapacitados gravemente afectados San Francisco Tomás Paredes (Vigo). Con PIA Provisional

No que se refire ao centros autorizados realizaranse as seguintes inspeccións:

- Inspección do **100%** dos centros de día de alzheimer (**estimación 14**).
- Inspección do **75%** dos centros residenciais de maiores (**estimación 243**).
- Inspección do **75%** dos centros residenciais de discapacitados (**estimación 66**).
- Inspección do **10%** dos centros de atención diúrna de maiores (**estimación 17**). Os Fogares/Clubes (23 centros), non serán obxecto de inspección, salvo no caso de denuncia.
- Inspección do **20%** dos centros de atención diúrna de discapacitados (**estimación 27**)

## CENTROS DE MAIORES

	Núm. centros existentes no 2013	Núm. centros existentes no 2014	Visitados 2013	Previstos no 2014
<b>A Coruña</b>	<b>149</b>	<b>150</b>	106	<b>74</b>
<b>Lugo</b>	<b>89</b>	<b>91</b>	47	<b>53</b>
<b>Ourense</b>	<b>137</b>	<b>141</b>	103	<b>85</b>
<b>Pontevedra</b>	<b>127</b>	<b>129</b>	73	<b>62</b>
<b>Total</b>	<b>502*(1)</b>	<b>511*(2)</b>	<b>329</b>	<b>274</b>

\* (1) Non inclúe 24 fogares clubs, (2) Non inclúe 23 fogares e clubs

## CENTROS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

	Núm. centros existentes no 2013	Núm. centros existentes no 2014	Visitados 2013	Previsto no 2014
<b>A Coruña</b>	91	25	51	38
<b>Lugo</b>	33	35	15	17
<b>Ourense</b>	28	29	23	14
<b>Pontevedra</b>	59	64	30	24
<b>Total</b>	211	221	119	93

- Nas visitas de inspección aos centros de titularidade da Xunta e aos centros de titularidade privada con prazas concertadas, verificarase o cumprimento do contrato administrativo asinado. Do resultado da visita darase conta á Secretaría Xeral Técnica e a Secretaría Xeral de Política Social
- En todas as visitas aos centros comprobaranse a exactitude dos datos referidos ás libranzas vinculadas á adquisición destes servizos, segundo as nóminas remitidas dende a Subdirección Xeral de Dependencia

## CONVENIOS E SUBVENCÍONS

- Inspección de cursos, programas e convenios de colaboración asinados pola Consellería con entidades prestadoras de servizos sociais na área de maiores e discapacitados, co fin de comprobar a correcta xestión e aplicación dos fondos públicos.

	Inspeccións no 2013	Previstos no 2014
<b>Subvencións e Convenios</b>	4	4
<b>Entidades tutelares</b>	5	5

Outras previsións:

- Inspección subvencións e convenios (**estimación: 4**)
- Inspección Entidades tutelares (**estimación: 5**)
- Visitas para a concesión de autorizacións (**estimación: 50**)
- Visitas de inspección para a tramitación e resolución de queixas e denuncias (**estimación: 50**)

- 2ª visitas a centros ou programas que precisen maior seguimento (**estimación: 5**)

#### 7.4 CONCLUSIÓNS:

##### Resume obxectivos de inspección previstos pola unidade para o ano 2014

Inspeccións previstas en 2013	Inspeccións realizadas en 2013	Grao de cumprimento do plan previsto
1.900	1.591	83,74%*

\* No ano 2013 dos 14 postos de persoal inspector, 4 estiveron vacantes ou con baixas prolongadas durante a maior parte do ano

##### Desglose obxectivos por áreas:

	Familia e menores	Maiores discapacidade e dependencia	Inclusión e servizos comunitarios	Total
Nº de inspeccións previstas no Plan 2013	738	520	642	1.900
Nº de inspeccións realizadas no 2013	497	531	563	1.591
<b>Nº de inspeccións previstas no Plan 2014</b>	<b>616</b>	<b>483</b>	<b>1.264*</b>	<b>2.363*</b>

*\*Incluindo 800 visitas referidas ao Plan especial da RISGA*

## Anexo II: AVALIACION ANO 2013

Denominación	Cuantificador	TOTAL
<b>1. Nº DE EXPEDIENTES DE REXISTRO E AUTORIZACION</b>	<b>Suma de 2 e 3</b>	<b>1347</b>
<b>2. Nº de expedientes de rexistro tramitados ( finalizados)</b>	<b>Suma de 2.1 a 2.3 (indicador 1)</b>	<b>768</b>
2.1 Inscripción	nº de expedientes	157
2.2 Cancelación (de oficio e a instancia de parte)	nº de expedientes	355
2.3 Modificación	nº de expedientes	256
2.4 Xustificantes de inscripcion expedidos	nº xustificantes expedidos	248
<b>3. Nº expedientes autorización tramitados (finalizados)</b>	<b>Suma de 3.1 a 3.5 (indicador 2)</b>	<b>579</b>
3.1.- Autorización para a creación ou construción de centros de servizos sociais (incl. Viabilidades e modif.creacion) Proc.103D	nº de expedientes	126
3.2.- Modificación substancial, acordos de non calif e de cambios de tipoloxía de centros e programas de servizos sociais (inclue cambio titularidade)Proc.103K	nº de expedientes	217
3.3.- Permiso de inicio de actividades de centros ou programas de servizos sociais Proc.103E	nº de expedientes	137
3.3.- Permiso de inicio de servizos complementarios	nº de expedientes	26
3.5.- Permiso de cesamento actividades e revogación da autorización de centros de servizos sociais.Proc.103F	nº de expedientes	73
3.6.- Taxas recadadas por autorizacion de servizos sociais	euros/ano	14660*
<b>VARIACION ENTIDADES INSCRITAS, CENTROS E PROGRAMAS AUTORIZADOS</b>		
<b>4. VARIACION ENTIDADES INSCRITAS</b>	<b>Diferencia entre 4.2-4.1</b>	<b>-199</b>
4.1 Nº entidades inscritas ao principio ano	Nº entidades	2413
4.2 Nº entidades inscritas ao final ano	Nº entidades	2214
<b>5. VARIACION CENTROS AUTORIZADOS</b>	<b>Diferencia entre 5.2-5.1</b>	<b>35</b>
5.1 Nº centros autorizados ao principio ano	nº centros	1541
5.2 Nº centros autorizados ao final ano	nº centros	1576
<b>6. VARIACION PROGRAMAS AUTORIZADOS</b>	<b>Diferencia entre 6.2-6.1</b>	<b>16</b>
6.1 Nº programas autorizados ao principio ano	nº programas	491
6.2 Nº programas autorizados ao final ano	nº programas	507
<b>7. Informacion</b>	<b>nº accesos /ano</b>	<b>109910</b>
7.1 Num. Consultas RUEPSS	nº accesos /ano	78698
7.2 Num. Consultas asesoria virtual	nº accesos /ano	31212
<b>8. EXPEDIENTES DA AREA DE INSPECCIÓN</b>	<b>Suma de 9.1,9.2,10,11.1,12, 15.2 (indicador 3)</b>	<b>3937</b>
<b>9. Asesoramentos</b>	<b>Suma de 9.1 a 9.3 (indicador 4)</b>	<b>465</b>
9.1 Informes de asesoramento previo	nº de informes	1
9.2 Regulamentos visados	nº de visados	361
9.3 Reunions de asesoramento	nº de reunions	103
<b>10.- Controis de legalidade remitidos</b>	<b>nº de expedientes</b>	<b>1751</b>
<b>11.- % Denuncias e reclamacións contestadas en menos de 15 días</b>	<b>%</b>	<b>43,96%</b>
11.1.- Nº de denuncias e reclamación tramitadas	nº de denuncias (indicador 5)	232
11.2.- Nº denuncias contestadas en menos de 15 días	nº de denuncias resoltas en menos de 15 días	102
<b>12.- Nº expedientes cautelares ou de sancion</b>	<b>Suma de 12.1 a 12.3 (indicador 6)</b>	<b>20</b>

12.1.- Nº medidas cautelares acordadas	nº medidas adoptadas	0
12.2.- Nº procedimientos de clausura/inhabilitación/suspensión de financiamento ditadas (resolucións ditadas)	nº de resolución ditadas	1
12.3.- Nº de expedientes sancionadores	nº expedientes incoados	19
12.4.- Nº de sancións impostas	nº sancións impostas (expedientes definitivos en vía administrativa)	27
12.5 Recadación vía voluntaria	euros	66511*
12.6 Recadación vía executiva	euros	98125,87*
<b>13.- Accions de coordinación</b>	<b>Suma de 13.1 e 13.2(indicador 7)</b>	<b>117</b>
13.1 Reunións de coordinación interna co persoal inspector	nº	64
13.2 Reunións con outras unidades admvas	nº	53
<b>14.- Proxectos normativos (inclúe todas as intervencións mediante alegacións, propostas de normativa realizadas ao longo do ano)</b>	nº	6
<b>15.- Grao de cumprimento do Plan de inspección. Fórmula a aplicar</b>	<b>% [15.2/15.1]x100 (indicador 8)</b>	<b>83,74%</b>
15.1.- Nº de total de inspeccións previstas no Plan	nº(inclue todo tipo de visitas)	1900
15.2.- Nº de total de inspeccións realizadas	nº	1591
<b>16.Custe da unidade</b>		<b>19565,46</b>
16.1 Custe dietas e locomoción	euros	12309,24
16.2 Custe gasolina e peaxes	euros	14210,7
16.3 Custe medio cada inspección	euros (indicador 9)	16,67
<b>17. Accions formativas especialmente relacionadas coas funcións da unidade</b>	<b>Suma 17.1,17.2</b>	<b>6</b>
17.1 Organizadas		1
17.2 Con participación dalgún membro da unidade		5
<b>*Datos provisionais pte peche exercizo</b>		

Ademais, durante o ano 2013 realizáronse as seguintes actividades:

**Liña 1: Información e asesoramento en materia de rexistro e autorización de servizos sociais.**

**a) Actualizouse e ampliouse a información vía web relativa aos procedementos de rexistro de entidades e autorización de Servizos Sociais, para facilitar o coñecemento e aplicación das disposicións do Decreto 254/2011 de 23 decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia e a normativa de desenvolvemento da Lei 13/2088 de 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia**

- Actualizáronse e ampliáronse os contidos da web da “asesoría virtual de entidades prestadoras de **servizos sociais**” incorporando modelos estandarizados de documentos básicos para o funcionamento dos centros e dos programas que serven de referencia para as entidades prestadoras de servizos sociais
- Nesta web rexistráronse un total de **31.212 accesos (un 40% máis que no ano 2012)** e **descargáronse un total de 25.318 documentos**

## **b) Implementáronse novas utilidades e contidos na aplicación do RUEPSS**

- **Ampliouse a información existente no RUEPSS** incorporando novos datos das entidades (como a carteira de servizos de promoción da autonomía persoal e prevención da dependencia, os puntos de atención e o persoal asignado a cada un dos servizos) e dos centros e dos programas inscritos (cualificacións do persoal, información sobre prezos, horas asignadas ao SAF dependencia dos Concellos, etc..).
- **Rexistráronse 412 servizos de promoción da autonomía persoal**
- Incrementouse o rendemento da aplicación mudando o servidor de referencia e gañando velocidade nas consultas. **A aplicación recibiu 78.698 visitas e descargáronse 248 xustificantes da inscrición.**
- **Realizáronse 40 novas explotacións masivas de datos contidos no RUEPSS e deseñadas a medida para outros centros directivos e entidades externas**
- **Regularizouse o número e calificación da totalidade de entidades inscritas no RUEPSS mediante:**
  - **A cancelación de oficio 297 entidades** que non acreditaron actividades durante o ano 2011 e 2012. **Ao principio de ano había 2413 entidades inscritas, quedando ao final de ano 2214 entidades.**
  - Procedeuse á **regularización de 28 entidades inscritas** que non contaban con personalidade xurídica (comunidades de bens) e doutras 10 que aínda figuraban clasificadas como entidades de iniciativa social sen selo (persoas físicas/empresarios individuais, sociedades cooperativas con ánimo de lucro). **Con estas últimas regularización, dase por rematado o proceso de regularización do RUEPSS que iniciouse trala publicación do Decreto 254/2011. Como consecuencia desta regularización trasladáronse ao arquivo xeral da Xunta de Galicia de expedientes de máis de 1500 entidades que foron canceladas nos 2 últimos anos.**
  - Ademais continuouse solicitando ao resto de entidades inscritas no rexistro baixo a clasificación de entidades de iniciativa social a acreditación do cumprimento de determinados requisitos exixidos pola normativa estatal en materia de entidades sen ánimo de lucro (ver o artigo 12.1 apdo.b) do Decreto 254/2011), mediante a achega dunha declaración responsable do representante legal da entidade. **Das 2214 entidades inscritas a final de ano, 1164 son de iniciativa social**

## **c) Reforzouse o asesoramento ás entidades e/ou ás persoas particulares para a posta en marcha de novos servizos ou a modificación dos existentes.**

- Realizáronse **103 reunións de información e asesoramento** a entidades prestadoras de servizos sociais para a posta en marcha de novos servizos ou para a mellora na xestión dos servizos que desenvolven

- Realizáronse **165 asesoramentos a Concellos**. A entrada en vigor do Decreto 99/2012 do 16 de marzo que regula os servizos sociais comunitarios e o seus financiamento, obrigou aos Concellos a adaptar as ordenanzas reguladoras do servizo de axuda no fogar (SAF) o disposto na citada norma. A relevancia dos cambios introducidos, entre os que destaca, o cálculo por parte da corporación local do copago que corresponde efectuar ás persoas usuarias, fixo necesario reforzar o asesoramento e a colaboración da inspección cos servizos comunitarios das Entidades Locais, tanto na adaptación como na posterior posta en práctica das citadas ordenanzas.

**Liña 2: Inspección e control. Ademais da execución do plan de inspección anual, compre destacar as seguintes novidades:**

**a) Diversificáronse e ampliáronse as actividades de inspección.** No ano 2013 realizáronse:

- **175 inspeccións domiciliarias** sobre as libranzas vinculadas a servizos de axuda no fogar (en adiante SAF) para a atención a persoas en situación de dependencia e de persoas usuarias do SAF dependente dos Concellos
- **81 inspeccións a beneficiarios da RISGA** en especial no referido ao comprobación á adecuación das situacións declaradas nos expedientes á situación real de **convivencia** e ao **número de conviventes** que forman as unidades familiares..
- **5 inspeccións a entidades tutelares de persoas con discapacidade**
- Realizáronse **18 visitas de inspección** co obxectivo específico de emitir os informes previos á concesión das subvencións solicitadas polas entidades titulares dos centros de inclusión de conformidade coas exixencias establecidas para a distribución dos fondos europeos
- Verificouse a efectiva prestación dos servizos **de todas as libranzas de servizo para a adquisición de servizos residencial e de atención diúrna** para a atención de persoas en situación de dependencia en todos os centros inspeccionados
- Realizouse o informe anual sobre o funcionamento dos centros dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar inspeccionados durante o ano.

**b) Facilitouse a comunicación coas entidades prestadoras fomentando a presentación electrónica de documentación e permitindo o intercambio de información e datos a través da aplicación RUEPSS.** A estes efectos durante o ano 2013:

- As entidades de todas as áreas poderon descargar o control de legalidade anual da aplicación e achegar polo mesmo medio a información requirida

**c) Editouse un sitio web no que se desenvolvan información sobre a inspección de servizos sociais, as súas funcións e compromisos de calidade. A estes efectos, este ano,**

- Elaborouse un modelo de ordenanza municipal reguladora do SAF que facilitou aos Concellos a adaptación da súa normativa ao disposto no Decreto 99/2012 e asegurou un tratamento e interpretación homoxénea do regulamento que garante unha aplicación coherente e igulitaria do mesmo en todo o territorio da comunidade autónoma.

#### **Liña 4: Formación e capacitación.**

- No segundo semestre do ano realizouse a terceira edición do "**Curso de capacitación para o desempeño da función de inspección de servizos sociais**", con 39 asistentes e 120 horas de duración. As enquisas de satisfacción realizadas aos participantes o avaliaron **con 4,3 puntos sobre 5**.
- Outras participacións:
  - Participación no Máster de arquitectura sanitaria e asistencial organizado pola escola de arquitectura da Coruña
  - Impartición de xornadas informativas sobre a inspección en colaboración coa Asociación Galega de Centros de Menores (AGACEME)
  - Impartición de xornadas informativas sobre as carteiras de servizos e a acreditación de servizos sociais en colaboración con COGAMI e FADEMGA

#### **Liña 5: Mellora e renovación da normativa en materia de servizos sociais.**

- Revisouse a redacción do borrador de orde pola que se determinan os requisitos específicos de autorización dos servizos sociais de persoas maiores, con discapacidade e/ou dependencia, se desenvolve a carteira de servizos sociais de promoción da autonomía persoal e de atención a persoas en situación de dependencia en Galicia e se establecen os requisitos e criterios en materia de acreditación destes servizos.
- Elaborouse un modelo de normas de funcionamento para os centros de maiores e discapacitados da titularidade da Xunta de Galicia e de xestión propia
- Elaborouse un protocolo marco para a aplicación de medidas de contención para os centros de maiores e discapacitados da titularidade da Xunta de Galicia e de xestión propia

*Presentación de alegacións aos seguintes proxectos normativos:*

- ⌘ *Proxecto de decreto polo que se regula a carteira de servizos de atención as persoas en situación de dependencia e polo que se regula o copago dos servizos de atención á dependencia*
- ⌘ *Plan marco de atención sociosanitaria de Galicia*
- ⌘ *Estratexia cronicidade 2020*



*Outras colaboracións:*

- ✧ *Participación nos comités de expertos dos procesos de contratación pública referidos a*
  - ✧ *equipamento mobiliario de centros de maiores*
  - ✧ *servizos de atención de día e residencia de menores de protección*
  
- ✧ *Colaboración coa Secretaría xeral técnica na elaboración dos pregos de contratación dos seguintes servizos*
  - ✧ *servizos de autocontrol das APPCC de centros propios*
  - ✧ *elaboración dos plans de autoprotección de centros propios*
  - ✧
  
- ✧ *Colaboración coa Dirección xeral de Familia e Inclusión na detección e elaboración de fichas informativas de entidades tutelares privadas*